

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

1.- Vista proposta conxunta realizada en data 22 de decembro de 2020 por Cristina Fernández Davila, Concelleira de Ensino, Saúde e Consumo do Concello de Ponteareas e Francisco Abal Rosales, director do CMUS Reveriano Soutullo e da ESMU Vila do Corpus de Ponteareas, na que dí:

“**ANTECEDENTES:**

FEITOS

- *Con data 14 de Decembro de 2020, a actual profesora de violín adscrita ao Conservatorio Municipal D^a Rebeca Landesa Santorio, presenta parte de baixa médica.*
- *Esta ausencia afecta ao bo funcionamento do Conservatorio debido a que esta figura é a encargada de impartir docencia de Violín, Educación Auditiva e Vocal, Linguaxe Musical, etc.*

PROPOÑO:

1. *Que tendo esta Dirección a responsabilidade do bo funcionamento do Conservatorio de Música “Reveriano Soutullo” e dá Escola Municipal “Vila do Corpus”, ámbolos dous centros públicos municipais dependentes do Concello de Ponteareas, e tratarse dun servizo básico que non pódese anular nin aprazar, sendo prioritario, e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos municipais, contrátase a un/unha Profesor/a de Violín, a fin de cubrir a vacante, utilizando as listaxes de substitución existentes no Departamento de Persoal.*

2. *No caso de que as persoas rexistradas na listaxe de substitución non estiveran dispoñibles, activar o procedemento necesario para cubrir a vacante de forma urxente.”*

2.- Visto que na actualidade a lista de substitución da devandita categoría está formada por 6 persoas, atopándose as mesmas en suspensión ou non dispoñibles.

3.- Visto que o artigo 30.-Selección do persoal temporal, do Convenio Colectivo do Persoal Laboral ao servizo do Concello de Ponteareas, establece: “cando excepcionalmente e en función da duración do seu contrato, non existan listas ou así se estableza nas bases da convocatoria, acudirase para a provisión da vacante ao Servizo Galego de Colocación.”

Esta Alcaldía en base as competencias establecidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO,

Primeiro.- Ante a urxencia da contratación, presentar ante o Servizo Público de Emprego, oferta de emprego para a contratación dunha praza de Profesor de Violín,



cuxo obxecto do contrato é a cobertura da Incapacidade Temporal de D^a Rebeca Landesa Santorio, dacordo cos criterios que a continuación se relacionan, debendo aportar, os candidatos, a documentación relativa aos requisitos expostos neste escrito, así como toda aquela que consideren necesaria, co fin de poder valorar os méritos que aleguen:

·REQUISITOS MÍNIMOS DE ADMISIÓN.

1. Ter cumprido 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
2. Estar en posesión do Título Superior de Violín ou equivalente.

CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DOS CANDIDATOS REMITIDOS POLO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO:

1) EXPERIENCIA PROFESIONAL: 4 PUNTOS (acreditarase a través de certificado de servizos prestados ou contrato acompañado de vida laboral ou calquera outra documentación que acredite fidelisimamente)

- 0,20 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración pública, en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.
- 0,10 puntos por cada mes de experiencia acreditado na empresa privada, na mesma ou similar categoría.

2) FORMACIÓN: 4 PUNTOS.

- Coñecemento da lingua galega. A puntuación máxima deste apartado será de 1 punto.
 1. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 1: 0,25 puntos.
 2. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 2: 0,50 puntos.
 3. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 3, ou realización do curso de iniciación da lingua galega homologada pola Dirección Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación dos mesmos: 0,75 puntos.
 4. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 4, ou realización do curso de perfeccionamento da lingua galega homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación do mesmo: 1 punto.

So se valorará a puntuación máis alta, non sendo acumulables.

- Formación Complementaria: A puntuación máxima nesta alínea será de 3 puntos:
 - Por cursos relacionados coas funcións propias da praza a que aspira e impartidos por administracións públicas, colexios profesionais, universidades, Fundación Estatal para a Formación e o Emprego (Fundación Tripartita), ou por outras entidades ou empresas, sempre que



neste último caso veñan homologados por administracións públicas, segundo o baremo seguinte:

- Cursos de 20 horas a 39 horas: 0,30 puntos.
- Cursos de 40 horas a 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de 60 horas a 99 horas: 0,75 puntos.
- Cursos de 100 horas a 149 horas: 1 punto.
- Cursos de máis de 150 horas : 2 puntos.

4) PRUEBA PRÁCTICA: 5 PUNTOS.

Consistirá na interpretación dun programa de concerto para violín só elixido polo aspirante que inclúa dúas ou máis obras de diferentes estilos representativos da literatura do instrumento (máximo 15 minutos). O candidato interpretará as obras ou fragmentos que o Tribunal seleccione do devandito programa. O candidato entregará ao Tribunal, xusto antes da realización da proba, alúmenos dúas copias do repertorio escollido para a súa valoración. Cualificarase de 0 a 5 puntos, sendo esta proba de carácter eliminatorio, xa que os aspirantes deben obter, polo menos, unha cualificación de 2,5 puntos.

5) CALIFICACION DEFINITIVA

Rematado o proceso, o Tribunal Cualificador emitirá acta facendo pública, no taboleiro de anuncios dixital do Concello, a puntuación total de todos e cada un dos aspirantes, aínda que non se poderá formalizar proposta de contratación máis que a favor do aspirante con puntuación superior.

A cualificación total obterase de sumar os puntos acadados de conformidade co baremo anteriormente sinalado.

De existir empate entre as puntuacións dos candidatos, este resolverase a favor de aquel que teña a primeira maior puntuación seguindo a orde de puntuación do baremo incluíndo a proba.

Se este continuase desfarase seguindo a orde alfabética, comezando pola letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda de 30/01/2020 pola que se fai público para o ano 2020 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia, (DOGA 10/02/2020), polo que os desempates que deriven desta selección empezarán por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra “ S ”.

Tendo en conta a proposta de nomeamento do Tribunal, procederase ao nomeamento polo órgano competente.

6) TRIBUNAL SELECCIÓN

Os membros do tribunal cualificador serán designados por Decreto de Alcaldía segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro. Artigo 48 do Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais de Comunidade Autónoma de Galicia en Materia de Igualdade, e



estar^á integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes, sendo a súa composición 1 Presidente, 1 Secretario e 3 vogais,.

Segundo - Dar conta desta Resolución os departamentos de Intervención, Tesourería e Persoal.

Terceiro- Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso – administrativo perante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa.

Ponteareas, documento asinado electronicamente.

A Alcaldesa por substitución, segundo Decreto 2020-3135, de 9 de decembro de 2020

Cristina Fernández Davila

